Aves Ártabras
Compartindo espazos

GALICIA, CRUCE DE CAMIÑOS

de enormes multitudes de aves mariñas

A situación xeográfica de Galicia e a riqueza das súas augas mariñas, sumadas aos ventos que con tanta frecuencia atravesan o Atlántico norte de leste a oeste, fan que a nosa plataforma continental acolla en diferentes momentos do ano, e sobre todo nas migracións de primavera e verán, millóns de aves mariñas de ducias de especies diferentes. Isto outorga ao noso mar unha importancia crucial para a conservación a nivel global de moitas especies e, de feito, cada vez máis persoas acoden de toda España e Europa a cabos como o de Estaca de Bares para gozar do espectáculo da súa migración. Estas son as súas principais rutas:



Aves que crían no Ártico norteamericano e Groenlandia e pasan o inverno fronte ás costas de África: gaivota de Sabine, falaropo bicogroso, mobella grande, palleira rabilonga...

Aves que crían nas illas británicas e Azores ou Madeira e van pasar o inverno ao Atlántico sur: furabuchos atlántico, pardela cincenta atlántica...

Aves que crían no hemisferio sur, e mesmo na Antártida, e veñen en inverno ao Atlántico norte: pardela escura, pardela encapuchada, paíño de Wilson...

Aves que mesmo que veñen do norte do Atlántico chegan a... Nova Zelandia, nas nosas antípodas! É un caso moi especial: o carrán ártico.

Aves que crían no mediterráneo e veñen entre o verano e o inverno ao Atlántico e Cantábrico: furabuchos balear, gaivota patiamarela e paíño pequeno (destas dúas últimas, as poboacións do Mediterráneo).

Aves que crían no norte de Europa, e mesmo ata Siberia, e van pasar o inverno entre as nosas costas e as costas de África: mascato, palleira pomarina, palleira parasita, carrán común, carrán cristado, gaivotas cabecinegra, escura e tridáctila, arao común, arao pequeno, carolo...

Virapedras

GOBIERNO DE ESPAÑA · VICEPRESIDENCIA TERCERA DEL GOBIERNO · MINISTERIO PARA LA TRANSICIÓN ECOLÓGICA Y EL RETO DEMOGRÁFICO
Fundación Biodiversidad
PROGRAMA pleamar
Unión Europea · Fondo Europeo Marítimo y de Pesca (FEMP)
INTEMARES
CEIDA · CENTRO DE EXTENSIÓN UNIVERSITARIA E DIVULGACIÓN AMBIENTAL DE GALICIA